- Lateralidade e a súa proxección no espazo.
- Coordinación óculo-pédica e óculo-manual.
- Equilibrio estático e dinámico.
- Grao de autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais.
- Habilidades sociais: verbalización de emocións derivadas da interacción en contextos motrices.
- Respecto das regras de xogo.
- Condutas que favorezan a convivencia e a igualdade de xénero, inclusivas e de respecto aos demais, en situacións motrices: estratexias de identificación de condutas contrarias á convivencia ou discriminatorias.
- Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. Os xogos e as danzas como manifestación da propia cultura.
- Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter artístico-expresivo.
- Posibilidades de uso que achega o material para o desenvolvemento da práctica motriz e concienciación dos efectos que se producen sobre a contorna.
- Conservación das diferentes instalacións e espazos usados para a práctica motriz.
- Realización de actividades físicas seguras no medio natural e urbano.
- Coidado e conservación da contorna próxima durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

UD	Título da UD	Duración
15	Xogamos na natureza	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos dun estilo de vida activo.	TI	100
CA1.3 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Coñecer os valores positivos da práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando dos seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes.		
CA1.6 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respetar as normas consensuadas, as regras de xogo, e actuar aceptando as características e os niveis dos participantes.		
CA1.7 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia.	Participar nas prácticas motrices cotiás con habilidades sociais de acollida, inclusión e cooperación. Resolvendo os conflitos mediante o diálogo e rechazando actuacións discriminatorias e violentas.		
CA2.3 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Coñecer os valores positivos da práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando dos seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes.		
CA2.4 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada ás circunstancias.		
CA2.5 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.		
CA2.8 - Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana, coñecendo os usos que nos achegan a nivel motriz e adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das devanditas contornas.	Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana, adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das mesmas.		
CA3.1 - Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos dun estilo de vida activo.		
CA3.3 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Coñecer os valores positivos da práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando dos seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes.		
CA4.3 - Respectar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respectar as normas consensuadas, as regras de xogo, e actuar aceptando as características e os niveis dos participantes.		
CA4.4 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Participar nas prácticas motrices cotiás con habilidades sociais de acollida, inclusión e cooperación. Resolvendo os conflitos mediante o diálogo e rechazando actuacións discriminatorias e violentas.		
CA4.6 - Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura na contorna natural e urbana, coñecendo os usos que nos achegan a nivel motriz e adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das devanditas contornas.	Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana, adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das mesmas.		
CA5.1 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.		
CA6.1 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Coñecer os valores positivos da práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando dos seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes.		
CA6.2 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada ás circunstancias.		
CA6.3 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.		
CA6.4 - Gozar de forma segura da contorna natural e urbana, coñecendo os usos que nos achega a nivel motriz e adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación cara a eles durante o desenvolvemento de distintas prácticas lúdico-recreativas en distinto contextos.	Gozar de forma segura da contorna natural e urbana, coñecendo os usos que aportan a nivel motriz e adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación durante as prácticas lúdico-recreativas.		
CA6.5 - Utilizar de forma adecuada o material, as instalacións e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado.	Utilizar de forma adecuada o material e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Saúde física:
- Saúde social:
- Respecto cara a todas as persoas, con independencia das súas características persoais.
- Saúde mental:
- Autocoñecemento e identificación das fortalezas e debilidades en todos os ámbitos (social, físico e mental).
- Práctica física: vivencia de diversas experiencias corporais en distintos contextos.
- Uso e coidado do material e dos espazos utilizados na actividade que se vaia desenvolver.
- Preparación da práctica motriz: vestimenta deportiva e hábitos xerais de hixiene corporal.
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices: xogos de activación, quecemento e volta á calma.
- Esquema corporal:
- Conciencia corporal.
- Lateralidade e a súa proxección no espazo.
- Coordinación óculo-pédica e óculo-manual.
- Equilibrio estático e dinámico.
- Grao de autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais.
- Habilidades sociais: verbalización de emocións derivadas da interacción en contextos motrices.
- Respecto das regras de xogo.
- Condutas que favorezan a convivencia e a igualdade de xénero, inclusivas e de respecto aos demais, en situacións motrices: estratexias de identificación de condutas contrarias á convivencia ou discriminatorias.
- Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. Os xogos e as danzas como manifestación da propia cultura.
- Coñecemento e práctica de bailes e xogos populares, tradicionais e autóctonos de Galicia.
- Normas de uso da vía pública: educación viaria para peóns. Mobilidade segura, saudable e sustentable.
- Posibilidades de uso que achega o material para o desenvolvemento da práctica motriz e concienciación dos efectos que se producen sobre a contorna.
- Conservación das diferentes instalacións e espazos usados para a práctica motriz.
- Realización de actividades físicas seguras no medio natural e urbano.
- Coidado e conservación da contorna próxima durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Seguirei unha serie de pautas metodolóxicas que deben impregnar en todo momento a nosa práctica docente. Entre elas destacamos a necesidade de partir do nivel de desenvolvemento do alumnado á hora de elaborar a nosa programación, a importancia da interdisciplinabilidade, da educación en valores á hora de abordar contidos, etc. Todo isto baixo un enfoque globalizador e buscando unha aprendizaxe significativa.

Utilizarase o xogo como recurso metodolóxico en todas as sesións, se ben se recorrerá igualmente a diversos estilos de ensino. A súa utilización é recomendable en Educación Primaria, e máis aínda nos primeiros cursos, debido a moitas das súas características: divertido, educativo, evasivo, motivante, libre, gratuíto, ficticio, incerto, convencional, creativo, coeducativo, espontáneo, significativo, integral.

Algúns principios básicos que se terán en conta ao longo das sesións son os seguintes:

REFORZO POSITIVO: É importante que os alumnos/as estean motivados. Debe crearse un ambiente de confianza no que os alumnos/as se sintan seguros/as.

PROGRESIÓN: Hai que seguir unha progresión de exercicios, é dicir, ir do doado ao difícil, do sinxelo ao complexo, paulatinamente.

INTENSIDADE: Os estímulos dados serán o suficientemente intensos para que os exercicios sexan asimilados axeitadamente.

TRANSFERENCIA: Cando se efectúa un novo movemento, este debe basearse no patrón doutros movementos aprendidos anteriormente.

INTERESES: Os exercicios formulados deben estar de acordo cos intereses e necesidades do alumnado, para lograr unha aprendizaxe significativa.

INDIVIDUALIZACIÓN: Hai que respectar as características morfolóxicas, fisiolóxicas e funcionais. Cada un é como é.

PARTICIPACIÓN: Non haberá aprendizaxe se o neno/a non participa activamente.

Ademais, seguiremos as seguintes pautas de actuación:

- Levar sempre a clase preparada para evitar rutina e improvisación.
- Daranse explicacións breves, claras e concretas.
- Crearase un clima de atención.
- Cando se necesite, faranse demostracións de exercicios ben polo profesor ou por calquera alumno que saibamos que pode facer de modelo.
- Utilizarase un vocabulario axeitado segundo o nivel dos alumnos/as.
- Durante as explicacións e demostracións, colocarase en lugares visibles para que os alumnos/as o escoiten e vexan sen dificultade.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
CLASIFICACIÓN MATERIAL E RECURSOS:
A) Convencional pequeno tamaño: aros, cordas, picas, conos, pelotas, ...
B) Convencional gran tamaño: porterías, canastras, bancos, colchonetas, pelotas xigantes,...
C) Non convencional: globos, toallas, sacos, teas, panos,...
D) Non convencional refutable: xornais, botellas, bolsas de plástico, botes suavizante, vasos iogur,...
E) Informático e audiovisual: proxector, pizarra dixital, ordenador, altosfalantes, equipo de música,...
F) Instalacións: patio exterior, ximnasio, patio cuberto, pavillón, pista polideportiva,...

INSTALACIÓNS E RECURSOS

Aula de psicomotricidade con espaldeiras, rocódromo, escaleira de braquiación, un almacén e aseos. Un pavillón polideportivo, con campos marcados de fútbol sala, baloncesto, voleibol e bádminton. Neste pavillón hai espaldeiras, porterías e canastras de baloncesto. Dispón de almacén para gardar o material de Educación Física pero non está en condicións, o que dificulta a nosa labor docente, xa que o teremos que levar desde a aula de psicomotricidade, lugar onde se atopa gardado todo o material. Esta dificultade ven dada pola distancia que hai, sobre todo para os días de chuvía. Cando a climatoloxía o permite, tamén impartimos as clases no patio do recreo, idóneo para as actividades ao aire libre, normalmente ao final do curso, aínda que as condicións non son óptimas.

Dispoñemos de pequeno material en bastante bo estado como aros, pelotas de diversos cores e tamaños, cordas, balóns diversos, conos, discos voadores, picas, bancos suecos, minitramp, colchonetas, raquetas, vaías de salto, paracaídas, radiocasete e música variada para as unidades adicadas aos bailes e danzas sticks de hóckei, etc. Dispoñemos dunha biblioteca e unha aula compartida para música e psicomotricidade para levar aos alumnos/as nalgunhas unidades didácticas.

Desde a consellería cómpre aportación de gran material: colchón quitamedos, bloques de espuma de diferentes formas e tamaños, etc..., material necesario para o desenvolvemento das sesións e que é inviable poder mercar desde o centro dado o seu elevado custo e o mínimo orzamento dispoñible para o centro.

No caso da organización dos espazos a disposición e organización permitirá desprazarse polos distintos espazos e os materiais estarán ao alcance dos nenos para que traballen de xeito autónomo e para que o poidan recoller unha vez rematado as sesións.

O alumnado organizarase no espazo dependendo do tipo de tarefas e actividades a realizar. As formas de agrupamento serán variadas en función das necesidades contextuais podendo ser individuais, parellas, tríos, pequenos grupos, gran grupo... segundo diferentes criterios como o azar, a estatura e a organización da clase tamén será variada segundo o momento e a tarefa da sesión (frontal, en circunferencia...). A posición do mestre vai depender de onde deba centrar atención ou a función a desempeñar en cada situación, atopándose nunha posición interna (como xogador, árbitro), externa (observador) ou focal (en axudas individuais).

As actividades tipo propostas ao longo dos sesións serán variadas, atopándonos diferentes tipos: as de diagnóstico e avaliación (para valorar o nivel inicial do alumnado e o proceso levado a cabo), as de desenvolvemento e aprendizaxe (para que o alumnado alcance os obxectivos propostos) e as de reforzo ou ampliación (para aqueles alumnos con NEAE ou avantaxados).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nos primeiros días de clase realizaranse diversos exercicios e actividades física para comprobar o nivel físico do alumnado (carreira, salto, elasticidade...). Consideramos imprescindible este aspecto para observar as diferenzas que poida haber debido a que pertencen a cursos distintos.

Tamén levarán unha ficha de actitude ante a actividade física para poder coñecer un pouco a que dedican o seu tempo de ocio e cales son os seus gustos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	6	6	6	6	6	7	7	7	7	7
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	7	7	7	7	7	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Para determinar a nota do alumnado, débense establecer uns criterios de cualificación que se relacionen directamente cos criterios de avaliación. Estes criterios permitirán identificar se o alumnado progresa adecuadamente, é dicir, se desenvolven as capacidades de diferentes ámbitos ou se necesita mellorar nalgúns aspectos.

Todo alumnado ten dereito a unha avaliación o máis obxectiva posible e debe coñecer claramente o sistema de avaliación de forma que o/a alumno/a teña control sobre a aprendizaxe e a avaliación.

Débense variar os instrumentos de avaliación para obter información desde diferentes fontes, e desta forma orientar o proceso e realizar axustes sempre que sexa necesario.

A avaliación ideal debe estar centrada no alumnado. E isto significa que non vale a mesma avaliación para todos porque non todos aprenden da mesma forma. Algúns poden pensar que temos que facer unha avaliación para cada neno/a, pero se traballas por niveis poderemos identificar o nivel do alumnado e a partir de aí preparar a avaliación.

Así pois, os principais instrumentos de avaliación de forma xeral son os seguintes: Observación directa e sistemática, caderno do mestre, escalas de valoración. Valóranse 3 aspectos fundamentais:

- Conceptual: 20% (asimilación dos conceptos traballados en clase)
- Procedimental: 40% (maneira de realizar as actividades a nivel motor)
- Actitudinal: 40% (comportamento e respecto polas normas, compañeirismo ...)

COMO AVALIAR AO NOSO ALUMNADO

A avaliación será Criterial, interpretando os resultados en función do alumno/a e avaliando o seu propio progreso, é dicir, o resultado obtido do individuo comparase con outros resultados obtidos polo mesmo nas mesmas actividades ou probas.

Ao ser unha programación didáctica para 1º Ciclo empregaremos Instrumentos Cualitativos, sendo polo tanto unha avaliación baseada en técnicas de observación.

CANDO SE AVALÍA?

1- AVALIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

Avaliarase cada unha das Unidades Didácticas sobre 10, empregando diversos instrumentos de avaliación. Para isto, tomaremos de referencia os criterios de avaliación xunto cos seus mínimos de consecución establecidos para cada unha das UD do apartado 3.3. Avaliación das Unidades Didácticas desta programación.

2- AVALIACIÓN DO TRIMESTRE:

Para avaliar cada trimestre teremos en conta as Unidades Didácticas levadas a cabo en cada un dos trimestres.

Criterios de recuperación:

Para o alumnado que non superen o grao de consecución mínima dos CA estableceremos as seguintes premisas:

- 1.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito progresivo quedarán superados cando na seguinte avaliación sexan acadados.
- 2.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito non progresivo proporánselle actividades ao longo do curso nas distintas UD para que o alumnado supere ditos Criterios de Avaliación.

6. Medidas de atención á diversidade

Atenderase á diversidade dos alumnos/as segundo as circunstancias, pero comecemos coa atención a esta diversidade no desenvolvemento diario das sesións cun axuste continuo das estratexias de ensinanza e aprendizaxe, con diversas axudas pedagóxicas que permitan aos alumnos/as seguir o proceso en función das súas motivacións, intereses e capacidades.

Concretaranse en medidas tales como adaptación de obxectivos en función das distintas etapas evolutivas e aprendizaxes previos; priorización de contidos atendendo a determinadas capacidades segundo o momento concreto no que se atopen os alumnos/as, seleccionando os contidos de cada bloque que se consideren máis adecuados ao momento e, en función destas decisións adaptar e concretar os criterios de avaliación.

Esta programación vai dirixida ao primeiro-segundo curso e segundo a Orde do 6 de outubro de 1995 non é necesario facer ningunha adaptación nas nosas sesións á hora da realización das actividades. Os alumnos non sofren ningún trastorno que lles impida realizar a práctica de actividade física, unicamente hai que estar máis pendente e axudar a aqueles alumnos que teñen máis dificultade na realización das tarefas propostas.

A programación sufrirá modificacións precisas que garantan, na medida do posible, a continuidade na aprendizaxe paralelo ao resto do grupo, xa que creemos que o alumno/a pode realizar, con adaptacións non significativas, máis ou menos importantes, as actividades propostas. O deseño da programación realizarase en función de súa discapacidade e modificando cuestións como:

- Facilitará o acceso do alumno/a ao traballo cotiá.
- Buscará o modo de comunicación máis claro para o alumno.
- Procurará cando se precise a axuda dun compañeiro/a para delimitar, o espazo de movemento do alumno.
- Adaptar os materiais a utilizar nas clases, para que o alumno/a poida desenvolver con normalidade a programación. Eliminaranse as actividades complexas en canto a obstáculos de diferentes alturas, espazos ...
- Repetir as explicacións das posibles dúbidas que xurdan nas sesións para mellorar a comprensión naqueles alumnos/as con deficiencias.
- Elaborar sesións adaptadas ao alumnado en colaboración co persoal especializado (Coordinar con el equipo de orientación).
- Atención aos alumnos/as con necesidades educativas temporais.

Intentarase por todos os medios a integración de todo o alumnado, que non se separe do grupo e dos obxectivos, aportándolle os beneficios que esta materia lle pode dar.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión Lectora	X	X						
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X						
ET.3 - Educación emocional e en Valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre Homes e Mulleres	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación Vial							X	
ET.6 - Educación Ambiental	X							
ET.7 - Educación Para a Saúde	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.8 - Aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito... e de calquera tipo de violencia.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15
ET.1 - Comprensión Lectora						X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita						X	X
ET.3 - Educación emocional e en Valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre Homes e Mulleres	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación Vial							X
ET.6 - Educación Ambiental						X	X
ET.7 - Educación Para a Saúde	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15
ET.9 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito... e de calquera tipo de violencia.	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

A Educación Primaria, pretende proporcionar ao alumnado unha educación que lle permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar; desenvolver as habilidades sociais, a creatividade e a afectividade; lograr que adquiran os elementos básicos da cultura, e formalo para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigacións na vida como cidadáns.

Desta forma, tanto en Educación Infantil como en Educación Primaria, a actuación do profesor e a relación que se establece entre el e o alumno reviste unha gran relevancia; por iso, os principios nos que se fundamentan os temas transversais deben inspirar en toda a actividade docente e, do mesmo xeito deben ser traballados conxuntamente coas familias para que os nenos e nenas non vivan actuacións contraditorias entre o ámbito escolar e familiar. Para conseguir o anteriormente exposto, faise necesaria a presenza dos temas transversais no currículo.

Hai que sinalar, que os temas transversais impregnan gran parte dos contidos das áreas. Son prescritivos e non aparecen no currículo como disciplinas separadas senón impregnado todo o labor educativo na que todo o profesorado de todos os niveis e etapas educativos está involucrado.

Ditos temas poden definirse como contidos basicamente actitudinais, que exercen influencia no comportamento conductual do noso alumnado. Son valores importantes tanto para o desenvolvemento integral e persoal dos alumnos, como para o desenvolvemento dunha sociedade democrática, respectuosa co medio e tolerante.

Baseándonos na LOMLOE e na concreción no Decreto de Currículo de Ed. Primaria, o Decreto 155/2022, traballaremos os elementos transversais presentados a continuación.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Club Ciclista Estradense	Realizárase unha xincana deportiva en bicicleta no propio pavillón do colexio, impartida por persoal do Club Ciclista Estradense.	X		
O Magosto	Saída á contorna natural do centro, onde co motivo de celebrar a conmemoración do magosto realizaremos unha xornada multideporte na natureza.	X		
Día da Paz	Realizárase unha xornada de xogos cooperativos.		X	
Obradoiro Xogos Tradicionais	Xornada de presentación e goce de diversos xogos tradicionais como: Rá, Chave, Aro, Trompo, Tabas, Zancos,...		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día Mundial do Medio Ambiente	Realizarase unha saída ao entorno natural próximo ao centro para realizar unha pequena ruta de sendeirismo.			X
Xincana natural	Xincana deportiva realizada dentro do proxecto deportivo de centro			X
Plan Proxecta: Proxectos de Vida Activa e Saudable	Programa co cal pretendemos dende o centro inculcar hábitos de vida activa e saudable, buscando o incremento diario de actividade física que realiza o alumnado, tanto dentro como fóra do centro, e a medición do impacto que ten este incremento da carga de actividade física realizada na saúde dos escolares.	X	X	X

Observacións:

Entendemos como actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan.

Dende a Educación Física temos múltiples exemplos de actividades complementarias: visitas, traballos de campo, viaxes de estudos, conmemoracións e outras semellantes.

Ao longo do curso levaranse a cabo as actividades complementarias aprobadas na PXA e quedando abertas a posibles actividades complementarias e extraescolares que xurdan durante o curso. Estas novas actividades serán aprobadas seguindo a normativa vixente. As actividades Complementarias e Extraescolares que se presentan na listaxe son un exemplo de actividades que se poderán levar a cabo, polo que serán adaptadas ao longo do curso, podendo sufrir as modificacións oportunas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planificación: axeitada en número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado, significatividade no proceso de ensino-aprendizaxe, obxectivos ben definidos,...
Metodoloxía empregada
Metodoloxía: aberta e flexible; agrupamentos; métodos e estilos de aprendizaxe, adaptarda ás características do alumnado e as circunstancias que xordan durante a práctica educativa.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Materiais: foron atractivos, suficientes, accesibles para todo o alumnado,...
Medidas de atención á diversidade
Atención á diversidade: pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e respéctanse as súas características individuais.
Clima de traballo na aula
Alumnado: conseguíuse motivalo, espertar a súa curiosidade, participación activa,...

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Interdisciplinabilidade: Planificación da propia área de forma coordinada co resto do profesorado (xa sexa por nivel, ciclo, equipos educativos e profesorado de apoio).
Elementos Transversais: as sesións traballan implicitamente temas transversais (comprensión lectora; resolución de problemas; igualdade; educación ambiental, para a saúde, para a paz, cívica e moral,...)
Outros
Contidos: secuenciación, estruturación e organización dando unha visión xeral de cada tema (que teñen que aprender, que é importante, etc.).

Descrición:

O proceso de E-A require dun seguimento continuo dos seus avances co obxectivo de detectar a tempo as metodoloxías que non teñan os resultados desexados para correxir os erros que se atopen.

A avaliación da práctica docente configúrase como un proceso de mellora no desempeño da labor e garantir que se alcanzan os obxectivos propostos. Ademais unha das labores inherente á educación: hai que dar seguimento non só da aprendizaxe que acadan os discentes, senón tamén da afectividade dos procesos de ensinanza que se poñen en práctica.

O proceso de avaliación docente persegue os seguintes obxectivos sintetizados:

- Analizar e detectar se a práctica docente se adecúa ás particularidades dun grupo e as necesidades dos educandos.
- Detectar dificultades particulares que repercutan no proceso de ensinanza.
- Comprobar que a implementación da progración axústase ao planificado.
- Realizar unha análise crítica e individual da miña labor.

A avaliación docente levarase a cabo a través dos seguintes tipos:

- Avaliación da práctica docente polo alumando, ao rematar cada trimestre cumprimentando cuestionarios sobre a miña labor (motivación, organización, actividades, clima da aula ...)
- Autoavaliación: ao final de cada clase anotarei no meu diarios os datos máis significativos de cara á mellora do proceso educativo, ao rematar cada UD rexistrarei a miña actuación nunha folla sistematizada (ficha de autoavaliación), e unha reflexión privada con énfasis na análise de resultados e propostas de mellora.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación dos docentes desenvólvese, necesariamente, de forma paralela ao propio proceso educativo. Non hai un momento idóneo para a realización da avaliación, por iso levarase a cabo unha metaavaliación, que é un proceso de investigación no que se trata de valorar a calidade da propia metodoloxía de avaliación empregada, a consecución ou non dos obxectivos, a eficacia dos instrumentos utilizados para tal fin e, polo tanto, o valor da súa aplicación. En síntese, as avaliacións deben ser técnicamente adecuadas, útiles e eficientes (Fuentes e Herrero, 1999).

As programacións didácticas deben incluír mecanismos de revisión, avaliación e modificación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

O/A mestre/a de Educación Física, polo tanto, ao remate do curso e unha vez revisados os resultados académicos, a avaliación docente e a avaliación do proceso de ensino - aprendizaxe, tomará as posibles medidas para a mellora deses resultados realizando unha análise en profundidade da programación didáctica.

Estas propostas de mellora tamén serán recollidas na memoria final, así como os contidos que foi preciso engadir, eliminar ou modificar con respecto á programación prevista.

A programación é un documento co que guiarse día a día na realidade da aula polo que continuamente hai que reflexionar sobre a súa adecuación a cada grupo-clase ou a cada alumno ou alumna e se é necesario modificala en función dos feedback recibidos e dos resultados obtidos.

Será revisada trimestralmente xunto ca avaliación do alumno/a, avaliación do docente e avaliación do ensino - aprendizaxe.

Aspectos susceptibles de analizar como parte da revisión, avaliación e modificación da programación didáctica:

- Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.
- Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas.
- O desenvolvemento da programación respondeu a secuenciación e temporalización previstas.
- Aplicación metodoloxía didáctica acordada.
- Adecuación da secuencia de traballo na aula.
- Adecuación dos materiais didácticos utilizados.

- Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado
- Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua.
- Adecuación dos programas de apoio, recuperación.
- Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
- Grao de desenvolvemento das actividades extraescolares e complementarias previstas.
- Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre criterios de avaliación.
- Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
- Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
- Grao de integración das TICs no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados